

6 Marzo

FOLGA ESTUDANTIL

FEMINIISTA

antirracista e antifascista

Contra a violencia machista e a educación franquista



A extrema dereita segue a desatar a súa furia contra as mulleres, a mocidade, o colectivo LGTBI e as persoas migrantes. Non contentos con pregoar barbaridades como que a violencia de xénero non existe —a pesar de que 2019 rematou con 99 asasinadas, dato récord dende 2014— e de burlarse das rapazas violadas polas “manadas”, agora pretenden impoñer no ensino público o seu modelo machista, homófobo e racista.

Unha agresión ós dereitos das mulleres e da mocidade

O chamado *veto parental* —que Vox, PP e Cs xa aprobaron en Murcia, pretenden implantar en Madrid e Andalucía, e estender ó resto do Estado— supón unha brutal agresión. Baixo este nome agáchase o intento de excluír da educación calquera actividade ou iniciativa que denuncie a violencia machista e a cultura da violación, ou que defenda os dereitos do colectivo LGTBI e dos centos de milleiros de estudantes de orixe inmigrante que sofren o racismo institucional e social. Co *veto parental* tamén se perseguirá a aqueles profesores que destaquen na defensa destes dereitos fundamentais.

Esta cuadrilla de reaccionarios quere utilizar os nosos centros de estudo como plataforma política para estender a súa mensaxe de odio. ¿Esixirán tamén que se elimine o noso dereito á folga e á protesta? ¡Por suposto que si!

Coa escusa de garantir a “liberdade dos pais”, queren obrigar ós centros de estudo a ter unha autorización expresa dos proxenitores para que se poidan facer as actividades que a extrema dereita considera “controvertidas”, segundo o seu ideal totalitario e machista. Quérennos amordazar e impoñernos a mensaxe fascista e embrutecedora que os nosos pais e avós tiveron que aturar durante 40 anos de ditadura.

¿Adoutramento?

Vox, PP e Cs defenden o *veto parental* como unha medida contra o “adoutramento”. ¡Que cara máis dura! Se existe algún tipo de adoutramento nas nosas aulas é precisamente o que exerce un dos seus principais aliados: a xerarquía da Igrexa católica, que recibe nin máis nin menos que 700 millóns de euros anuais de diñeiro público para difundir o seu ideario reaccionario. Abonda con ver algunhas das declaracións do vicepresidente da Conferencia Episcopal, o bispo Cañizares, contra o “imperio gai” ou o que, segundo el, é “a ameaza máis grande que ten a humanidade”, “a ameaza da lei de xénero, do ensino de xénero e da ideoloxía de xénero”. Nin unha palabra de alento cando nos maltratan, nos violan e nos asasinan.

A posición pública de Vox e o PP é negar sistematicamente todas as miserias que vivimos as mulleres e os mozos. Eles son os que máis afondaron na privatización do ensino, os recortes, a precariedade laboral e os baixos salarios. Son os máximos defensores da xustiza patriarcal que culpa ás vítimas e ampara a violadores e maltratadores, e non teñen ningún reparo en criminalizar constantemente a comunidade LGTBI e a poboación inmigrante.

¡Non pasarán! ¡Folga xeral estudantil o 6 M: baleirar as aulas e encher as rúas!

O goberno PSOE-Unidas Podemos xa anunciou que recorrerá ante os tribunais o *veto parental*. Pero como a experiencia demostra, eses mesmos tribunais deixaron impunes a decenas de violadores e maltratadores, e moitas vítimas tiveron que pasar un auténtico calvario público. Eses mesmos xuíces e xuízas que meten no cárcere a tuiteiros, músicos ou mozos de esquerdas e desafiúzan das súas casas a milleiros de familias, mentres protexen os bancos e deixan en liberdade a corruptos e fascistas.

Non podemos confiar nunha xustiza patriarcal e franquista que esta moi preto de Vox e do PP.

Dende o Sindicato de Estudiantes e Libres e Combativas sabemos que a única maneira de frear á extrema dereita é coa mobilización masiva. Por iso chamamos á mocidade de todo o Estado a unha folga xeral estudantil, feminista, antifascista e antirracista o vindeiro 6 de marzo, para, entre outras, defender as seguintes reivindicacións:

1. Prohibición por lei do *veto parental* e a súa mensaxe de odio ás mulleres, os mozos, a comunidade LGTBI e os inmigrantes.
2. Implantación inmediata polo goberno de PSOE-Unidas Podemos dunha materia de educación sexual inclusiva e en liberdade, avaliable e obrigatoria en todos os centros de estudo.
3. Recoller explicitamente nas normas de réxime interno dos institutos o respecto á liberdade sexual, a vestir como queiramos e os dereitos do colectivo LGTBI.
4. Sacar a relixión das nosas aulas e rematar co agasallo de milleiros de millóns de cartos públicos á Igrexa católica e ó ensino privado concertado.
5. O goberno de PSOE-Unidas Podemos debe derogar inmediatamente a LOMCE e revertir os recortes educativos xa, contratar ós máis de 20.000 profesores despedidos e asegurar a gratuidade do ensino público dende a Escola Infantil até a Universidade.

Este 6 de marzo, e tamén o 8-M, volveremos a alzar a nosa voz para deixar claro que os que queren traer o fascismo ás nosas aulas e ás nosas vidas **¡non pasarán!**

6M: Todas e todos ás
MOBILIZACIÓNS

12h.

- Vigo: Farola Urzáiz
- Ferrol: Edificio Xunta
- Ourense: Subdelegación do Goberno



www.libresycombativas.net
www.sindicatodeestudiantes.net



E o 8-M, a participar masivamente nas MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS unitarias